

REGULAMENTACIÓN DA SALA DE EXPOSICIÓNS DA CASA DA XUVENTUDE

A aceptación dos seguintes puntos será requisito indispensable para poder expoñer nesta sala:

1. Nesta sala poderase expoñer todo tipo de artes maiores, artes plásticas, coleccións, etc...
2. Contido da exposición deberá ser de interese xuvenil, sendo a Casa da Xuventude a que establecerá dito criterio.
3. Darase prioridade as solicitudes de mozos e mozas, fronte a colectivos escolares ou mostras de xente que non entre dentro da idade que se corresponde con xuventude: entre 14 e 29 anos.
4. Non se poderán vender as obras expostas por ser unha entidade pública e por tanto sen ánimo de lucro.
5. A Casa da Xuventude reservarase o dereito de modificación das datas e horarios da exposición, comunicándolle ó/a autor/a dita modificación.
6. O horario da Sala de Exposicións será de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas. No mes de Agosto a sala permanecerá pechada.
7. Para o montaxe das obras disporase da tarde anterior ó día da inauguración. A desmontaxe realizarase durante a mañá do seguinte día laborable despois do remate da Exposición, podendo variar estes prazos se a complexidade da obra o esixe.
8. A sala ofrecerá como material expositor cadeas e ganchos para colgar; tódolos demais materiais deberán ser aportados polo/a autor/a expositor/a.
9. A colocación da exposición, deberá ser supervisada en último caso polas técnicas da Casa da Xuventude.
10. Os danos ocasionados na sala deberán ser reparados polo/a responsable da exposición.
11. A publicidade da exposición deberá ser distribuída polo/a autor/a responsable cos criterios que marque a Casa da Xuventude.

* **Deberá Adxuntarse Curriculum á Solicitud**

--